



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE FORMACIÓN, ENSINO E ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

Anuncio

CONVOCATORIA CURSOS DO PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA O 2024

A Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, dentro do Plan Agrupado de Formación Continua para o 2024, estando pendente de ditar, pola Directora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) a Resolución pola que se aproban as bases reguladoras e convócanse as subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2024, propón, a execución das seguintes accións formativas

- A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA RESUMIDA E NA PRÁCTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO. MODALIDADE EN LIÑA
- FERRAMENTAS LIBREOFFICE: CALC AVANZADO. MODALIDADE EN LIÑA
- LEI 39/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. ESPECIAL REFERENCIA AO PROCEDEMENTO SANCIONADOR. MODALIDADE EN LIÑA
- FERRAMENTAS LIBREOFFICE: BASE. MODALIDADE EN LIÑA
- XESTIÓN E SEGUIMENTO DE FONDOS EUROPEOS. PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. MODALIDADE EN LIÑA
- TRAMITACIÓN DE SUBVENCIÓNS NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. MODALIDADE EN LIÑA
- A IMPLANTACIÓN DA DIRECTIVA DE SERVIZOS EN MATERIA DE AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS: ACTUACIÓNS INFORMADAS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES MODALIDADE EN LIÑA + TELEPRESENZA
- A CIBERSEGURIDADE EN CONTORNAS LABORAIS. MODALIDADE EN LIÑA
- O RETO DEMOGRÁFICO: PROBLEMAS E SOLUCIÓNS ANTE O DESPOBOAMENTO DAS ZONAS RURAIS. MODALIDADE EN LIÑA
- PLANS DE ORDENACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS DUNHA ENTIDADE LOCAL. LIÑAS XERAIS. MODALIDADE EN LIÑA
- CONTROL INTERNO E FISCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE MUNICIPAL. MODALIDADE EN LIÑA

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no anexo I e desenvolveranse de acordo coas seguintes:

BASES XERAIS

PRIMEIRA. SOLICITUDES

1. As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo, apartado Recursos Humanos - Solicitudde Cursos Formación.

E demais lugares de conformidade co artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas segundo o modelo publicado como anexo II nas presentes bases

PÓDENSE SOLICITAR UN TOTAL DE 2 ACCIÓNS FORMATIVAS E, ENTENDENDO QUE ESTÁN RELACIONADAS COA SÚA ÁREA DE TRABALLO, PODERASE CONCEDER CALQUERA DELAS, SEN SER DETERMINANTE A ORDE DE PREFERENCIA. DEPENDENDO DO NÚMERO DE SOLICITUDES DE CADA ACCIÓN FORMATIVA E DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN, PODEN CONCEDERSE 1, 2 OU NINGÚN CURSO.

2. A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos/as aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.
3. O prazo de presentación das solicitudes finalizará o **9 DE SETEMBRO DE 2024**. Todas aquelas instancias presentadas fora de prazo serán excluídas. Naquelas accións formativas que, unha vez finalizado o prazo, non se cubriren as prazas ofertadas, manterase aberto ata completarse estas, quedando pechado o devandito prazo cinco días hábiles antes do comezo do curso.

SEGUNDA. ACCESO, SELECCIÓN E PARTICIPACIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS

1. Poderá participar o persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I.
2. Naquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral o/a solicitante debe contar coa autorización do/da superior/a xerárquico/a desde o momento en que realiza a inscrición na acción formativa
3. Dacordo con o disposto no artigo 60.1 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, outorgarase preferencia na selección a quen se incorporou no prazo dun ano ao servizo activo, procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, con obxecto de actualizar os coñecementos das/os empregadas/os públicas/os.
4. Poderase participar en actividades de formación durante os permisos por parto, adopción ou acollemento, así como durante a situación de excedencia por coidado de familiares, segundo o disposto nos artigos 49 e 89.4 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.
5. En aplicación do Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, as persoas con discapacidade que soliciten participar nunha actividade formativa poderán facer constar tal circunstancia na inscrición, e poderán indicar, as adaptacións necesarias para poder realizala no caso de que fosen seleccionadas.
6. A Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento poñerase en contacto cos/as peticionarios/as, asemade poderán informarse da súa posible admisión chamando aos teléfonos 982 260 065 e 982 260 036.
7. A non comparecencia ou abandono dun/dunha participante admitido/a a unha acción formativa terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido/a ás distintas accións formativas convocadas pola Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento da Deputación de Lugo.

TERCEIRA. CERTIFICACIÓNS

Expedirase certificado de asistencia ou certificado de asistencia e aproveitamento ós/ás alumnos/as que asistan ó curso. É obrigatoria a asistencia a todas as sesións dos cursos presenciais. Unha inasistencia superior ao 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa. No caso dos cursos en "MODALIDADE EN LIÑA", é obrigatoria a asistencia á sesión presencial, naqueles que así o requiran. Se o/a alumno/a non se presentase á sesión presencial, será excluído/a deste.

a) Certificación de asistencia, ou

b) Certificación de asistencia con aproveitamento: trala superación das probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario ou visto o informe de avaliación emitido polo/a formador/a.

En calquera dos supostos só se expedirá unha única Certificación.

CUARTA. MODIFICACIÓNS

A Deputación de Lugo, poderá modificar o desenvolvemento e mailos contidos dos cursos co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

Lugo, 7 de agosto de 2024. O PRESIDENTE: José Tomé Roca. O SECRETARIO: P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA: Montserrat Conde López.

ANEXO I
CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS

Código A. F.: 01.02.01.24

Denominación: A ADMINSTRACION ELECTRÓNICA RESUMIDA E NA PRACTICA DA DEPUTACION DE LUGO. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo que participen na elaboración dun expediente administrativo; responsables de expedientes e auxiliares administrativos/as, que queiran ampliar os seus coñecementos na materia e indagar sobre as consecuencias prácticas da Administración electrónica, con coñecementos básicos de manexo de ordenadores e de navegación por internet

Participantes: 50

Horas: 35

Datas realización: Do 16 de setembro ao 7 de outubro de 2024

OBXECTIVOS:

- Coñecer e comprender o novo marco normativo que regula as relacións electrónicas entre a Administración e os administrados.
- Coñecer e comprender o novo marco normativo que regula as interrelacións e o intercambio de información entre Administracións.
- Coñecer e comprender os principais conceptos, dereitos e obrigas derivados da Administración Electrónica.
- Coñecer as diferentes alternativas e solucións tecnolóxicas que se poñen a disposición das entidades locais. Aprender a manexalas.
- Coñecer e entender a publicidade e transparencia, así como o control de acceso a información que se require no novo ámbito normativo.

PROGRAMA:

1. RESUMO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA ANTES DAS LEIS DO 2015.
2. LEXISLACIÓN ACTUAL. LEIS 39/2015 E 40/2015.
3. A RELACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E O CIADÁN.
 - Principais dereitos e obrigas dos cidadáns. Obrigas da administración.
 - A sede electrónica.
4. AS RELACIÓNS ELECTRÓNICAS ENTRE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS. INTEROPERABILIDADE
 - Esquema nacional de interoperabilidade.
 - Plataforma pid-svd da AXE.
 - Plataforma pasaxe da Xunta de Galicia
5. IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN. SINATURA DIXITAL E CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS.
 - Sistema cl@ve da AXE e sistema chave365 da Xunta de Galicia.
 - Tipos de certificados.
 - Entidades de certificación.
 - Sistemas criptográficos.
 - Ferramentas de firma electrónica: realización, visualización e validación de firma.
 - A Deputación de Lugo coma punto de verificación e oficina de rexistro de certificados
6. EXPEDIENTE ELECTRÓNICO
 - Documento e expediente electrónico
 - Rexistro electrónico. SIR
 - Arquivo electrónico

7. NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS

- Comparecencia en sede
- Notific@. Red 060
- Notific@. Xunta de Galicia

8. OUTRAS OBRIGAS E SERVIZOS ELECTRÓNICOS

- Rexistro de apoderamentos
- Rexistro de funcionarios habilitados
- Transparencia
- Factura electrónica
- Licitación electrónica

9. RESUMO DE FERRAMENTAS

- Portal administración electrónica
- Centro de transferencia tecnolóxica
- Portal entidades locais
- Portal eidolocal
- Ferramentas da Deputación de Lugo.

Código A. F.: 01.06.01.24

Denominación: FERRAMENTAS LIBREOFFICE: CALC AVANZADO. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Empregados públicos da administración local da provincia de Lugo que manexen esta ferramenta informática.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 1 ao 22 de outubro de 2024

OBJECTIVOS:

- Repaso de coñecementos básicos da ferramenta.
- Saber como poden interactuar datos esparcidos en varias follas ou libros.
- Familiarizarse con algunhas das funcións e fórmulas aportadas pola ferramenta.
- Representación de datos en gráficos e coñecemento das posibles operacións sobre os mesmos.
- Uso de táboas dinámicas.
- Validación de datos introducidos.
- Creación de rangos.
- Asignación de nomes a elementos da folla de cálculo.
- Automatización de procesos coa ferramenta de gravación de macros.

PROGRAMA:

- Facer referencia a datos en distintas follas ou libros.
- Uso de comentarios ou notas dentro dunha folla de cálculo.
- Ventanas e outros utensilios para facilitar o traballo con grandes cantidades de datos.
- Uso das fórmulas máis usadas do programa.
- Elaboración de gráficos a partir dos datos do documento.
- Exploración das opcións para a representación de datos mediante gráficos.
- Introducción ás táboas dinámicas.
- Exploración das operacións posibles sobre táboas dinámicas.

- Validación do formato dos datos introducidos na folla de cálculo.
- Creación de rangos de valores.
- Uso de nomes para facilitar o acceso a datos almacenados na folla.
- Creación de macroinstrucións mediante a ferramenta para gravación de macros incorporada no programa.

Código A. F.: 01.08.01.24

Denominación: LEI 39/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. ESPECIAL REFERENCIA AO PROCEDIMENTO SANCIONADOR. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Persoal administrativo (C1 e C2) da administración local da provincia de Lugo, que interveña na tramitación de expedientes administrativos.

Participantes: 50

Horas: 40

Datas realización: Do 16 de setembro ao 8 de outubro de 2024

OBXECTIVOS:

- Dar a coñecer e incidir nos aspectos xerais da norma e a súa posición no ordenamento administrativo.
- Definir e contextualizar os principais elementos, conceptos e suxeitos actores do procedemento que debe observar a administración.
- Determinar os distintos dereitos e obrigas de todos os suxeitos implicados no procedemento.
- Incidir nos aspectos máis novos da administración electrónica: sinatura, expediente, rexistro, arquivos electrónicos
- Insistir no concepto e en todos os elementos que compoñen o acto administrativo, como núcleo fundamental da relación Administración-administrados.
- Analizar as fases do procedemento administrativo, no dobre sentido de garantía do administrado e de garantía da Administración para mellor manifestar a súa vontade.
- Destacar os medios que teñen os administrados para actuar fronte á administración.
- Destacar outros aspectos xurídicos, administrativos e organizativos que se deducen da normativa estudada.
- Tratar de conseguir dos/as alumnos/as que realicen este curso, unha motivación ou inquietude por estes asuntos que durante moito tempo, seguirán sendo transcendentais no funcionamento xurídico-administrativo da nosa sociedade.

PROGRAMA:

UNIDADE 1

Ámbito obxectivo Lei 39/2015.

Aspectos fundamentais da Lei 39/2015.

UNIDADE 2

A Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Principais reformas da Lei en relación coa normativa anterior.

Entrada en vigor e derogacións.

Estrutura da Lei.

UNIDADE 3

Capacidade de obrar

Concepto de interesado/a

Dereitos do interesado/a

Representación

Identificación e sinatura dos/as interesados/as no procedemento administrativo

UNIDADE 4

Rexistros e arquivos

Obriga de resolver e notificar. O silencio administrativo

Documentos e copias

Termos e prazos

Os actos administrativos

UNIDADE 5

Iniciación do procedemento

Ordenación do procedemento

Instrución do procedemento

Finalización do procedemento

Tramitación simplificada do procedemento administrativo común

Execución

UNIDADE 6

Revisión dos actos administrativos: revisión de oficio.

- Recursos administrativos

Código A. F.: 01.10.01.24

Denominación: FERRAMENTAS LIBREOFFICE: BASE. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Empregados públicos da administración local da provincia de Lugo que manexen esta ferramenta informática.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 1 ao 22 de outubro de 2024

OBXECTIVOS:

- Coñecementos dos aspectos básicos da ferramenta, introdución a Base.
- Saber como crear unha base de datos.
- Crear, modificar e borrar Táboas e relacións.
- Creación, modificación e edición de Formularios.
- Realización de tarefas de mantemento das bases de datos.

PROGRAMA:

- Introducción a Base. Comprender os fundamentos e aplicacións prácticas de bases de datos.
- Creación dunha Base de Datos
- Crear táboas e executar . Así mesmo, xestionar e manipular datos.
- Formularios crear e modificar
- Consultas. Optimizar o rendemento de bases de datos mediante decisións intelixentes de deseño e consultas avanzadas.
- Optimizar consultas, desenvolver estratexias eficientes e implementar procedementos de almacenado
- Mantemento Bases Datos.
- Creación, modificación e executar informes.
- Xestionar cambios na estrutura de bases de datos: desde a normalización de datos ata a modificación de esquemas

Código A. F.: 01.11.01.24

Denominación: XESTIÓN E SEGUIMENTO DE FONDOS EUROPEOS. PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Responsables de proxectos europeos, axentes de emprego e desenvolvemento local e demais empregados/as públicos da administración local da provincia de Lugo que teñan ao seu cargo funcións relacionadas coa xestión de fondos europeos, en particular os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia español.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 7 ao 28 de outubro de 2024

OBXECTIVOS:

- Coñecer o contexto no que xorde o Plan de Recuperación para Europa e o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) español.
- Analizar o modelo de xestión orientado a resultados que implica o PRTR, coa finalidade de facer efectivos os fitos e obxectivos establecidos para as Reformas e Inversións que integran o Plan.
- Comprender os principios ou criterios específicos, de obrigatoria consideración na planificación e execución dos compoñentes do PRTR.

PROGRAMA:

1. Introducción aos fondos europeos. O plan de recuperación para Europa: marco financeiro plurianual 2021-2027 e Next Generation EU.
2. Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia Español (PRTR): obxectivos, estrutura, normativa aplicable, fases e adenda ao PRTR.
3. Sistema de xestión e seguimento do PRTR: fitos e obxectivos, execución, informes e certificados para a xestión e seguimento do plan. O sistema de información COFFEE-MRR.
4. Loita contra o fraude, a corrupción e o conflito de intereses. Mecanismos de prevención. Plans de medidas antifraude e minerva. Compatibilidade do réxime de axudas de estado e prevención do dobre financiamento.
5. Etiquetado verde e etiquetado dixital. Principio de «non causar un prexuízo significativo (do not significant harm-dnsh).

Código A. F.: 01.12.01.24

Denominación: TRAMITACIÓN DE SUBVENCIONS NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Empregados públicos da administración local da provincia de Lugo que desempeñen funcións relacionadas coa materia obxecto desta actividade formativa.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 1 ao 18 de outubro de 2024

OBXECTIVOS:

Proporcionar ao alumnado unha visión práctica da xestión e xustificación das subvencións.

PROGRAMA:

INTRODUCCIÓN Á ACTIVIDADE SUBVENCIONAL

- Introducción.
- Planificación estratéxica. Plan estratéxico de subvencións
- Bases reguladoras
- Os suxeitos da relación xurídica subvencional.
- Órgano concedente
- Beneficiarios e entidades colaboradoras
- Subcontratación

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E DE FINANCIAMENTO

- Regulación do proceso de concesión.
- Requisitos procedimentais para o outorgamento de subvencións.

- Procedementos de concesión de subvencións.
- Procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva.
- Procedemento de concesión directa.
- Réxime de financiamento da actividade subvencionada

XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

- A obrigade xustificar
- Suxeitos obrigados a xustificar.
- Prazo de xustificación.
- Gastos subvencionables e non subvencionables.
- Requisitos dos xustificantes de pago e de gasto
- Modalidades da xustificación das subvencións

REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS

- Marco normativo.
- Réxime xeral do reintegro.
- Invalidez da resolución de concesión.
- Reintegro/perda de dereito das subvencións.
- Natureza dos créditos a reintegrar e dos procedementos para facer efectivo o reintegro.
- Prescrición do dereito da administración para recoñecer ou liquidar o reintegro.
- Os obrigados ao reintegro.
- O procedemento de reintegro.

Código A. F.: 01.15.01.24

Denominación: A IMPLANTACIÓN DA DIRECTIVA DE SERVIZOS EN MATERIA DE AUTORIZACÍONS SECTORIAIS: ACTUACÍONS INFORMADAS E DECLARACÍONS RESPONSABLES. MODALIDADE EN LIÑA + TELEPRESENZA. *(Comunicaranse as sesións de videoconferencia)*

Destinatarios: Técnicos/as A1 e A2, encargados/as de obra e capataces da administración local da provincia de Lugo.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 16 de setembro ao 10 de outubro de 2024

OBXECTIVOS:

Ao finalizar o curso os/as participantes coñecerán o impacto da Directiva de Servizos en materia de autorizacións sectoriais.

PROGRAMA:

- A Directiva de servizos e cambio de paradigma. Do control previo ao control posterior.
- Autorizacións sectoriais: natureza, declaración de ineficacia e suspensión. O silencio administrativo.
- A execución do urbanismo. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas.
- Réxime xurídico das servidumes e limitacións legais ao dereito de propiedade: especial referencia ás infraestruturas.
- Réxime xurídico das servidumes e limitacións legais ao dereito de propiedade: especial referencia ao dominio público hidráulico.
- Disciplina en materia de autorizacións sectoriais.
- Responsabilidade patrimonial derivada dos títulos habilitantes.
- A incidencia do dereito penal no urbanismo, medio ambiente e patrimonio cultural: os ilícitos penais en materia de urbanismo, medio ambiente e a protección do patrimonio cultural.

Código A. F.: 01.16.01.24

Denominación: A CIBERSEGURIDADE EN CONTORNAS LABORAIS. MODALIDADE EN LIÑA.

Destinatarios: Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo que utilicen equipamento informático ou software no desempeño do seu traballo.

Participantes: 50

Horas: 40

Datas realización: Do 7 ao 28 de outubro de 2024

OBXECTIVOS:

- Adquirir coñecementos e conceptos básicos da seguridade da información.
- Identificar certos tipos de ataques informáticos e de enganos cibernéticos.
- Aplicar medidas e recomendacións que nos protexan ante este tipo de ataques informáticos.

PROGRAMA:

TEMA 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO NORMATIVO.

- Esquema Nacional de Seguridade
- Política de seguridade

TEMA 2. CONCEPTOS BÁSICOS EN SEGURIDADE

- Tipos de ameazas
- A internet profunda (Deep web)
- Aplicacións

TEMA 3 SEGURIDADE NO CORREO ELECTRÓNICO

- Introducción e definicións
- Métodos e técnicas de engano/infección a través do correo electrónico
- Identificación de correos dañinos
- Recomendacións e boas prácticas

TEMA 4. SEGURIDADE NA NAVEGACIÓN WEB

- Introducción e definicións
- Ataques comúns contra o navegador
- Recomendacións e boas prácticas de seguridade e privacidade

TEMA 5. SEGURIDADE EN DISPOSITIVOS MÓBILES

- Configuración e uso de dispositivos móbiles
- Copias de seguridade
- Aplicacións móbiles
- Recomendacións e boas prácticas

TEMA 6. ESTRATEXIAS DE SEGURIDADE

- Aplicacións e recomendacións
- Decálogo básico de seguridade.

Código A. F.: 01.18.01.24

Denominación: O RETO DEMOGRÁFICO: PROBLEMAS E SOLUCIÓN ANTE O DESPOBOAMENTO DAS ZONAS RURAIS. MODALIDADE EN LIÑA.

Destinatarios: Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo que promovan iniciativas locais de interese comprometidos/as ca mellora do territorio.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 8 ao 25 de outubro de 2024

OBXECTIVOS:

- Coñecemento de conceptos básicos; espoboamento, desequilibrio territorial, territorio rural, territorio intelixente
- Planificación de Territorios rurais intelixentes.
- Formar a persoas que promovan, xestionen e desenvolvan o cambio nos territorios rurais.
- Expoñer boas prácticas en desenvolvemento de distintos territorios.
- Promover un cambio de conciencia social.
- Promover iniciativas sostibles rurais innovadoras que asenten poboación no Rural.
- Promover o equilibrio territorial.
- Facilitar ferramentas eficaces para combater o desequilibrio territorial.

PROGRAMA:

1. DESEQUILIBRIO TERRITORIAL E RETO DEMOGRÁFICO

1.1. Que é?

1.2. Factores que inflúen

1.3. Medidas fronte o reto demográfico

2. TERRITORIO RURAL INTELIXENTE

2.1. Aspectos básicos.

2.2. Habilidades comunicativas

2.3. Ecosistemas innovadores.

3. VIVIR E CREAR NO MUNDO RURAL É POSIBLE

3.1. Que podemos facer contra o despoboamento?

3.2. Oportunidades e novas propostas.

3.3. Casos de éxito

Código A. F.: 01.19.01.24

Denominación: PLANS DE ORDENACIÓN DE RRHH DUNHA ENTIDADE LOCAL: LIÑAS XERAIS. MODALIDADE EN LIÑA.

Destinatarios: Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo cuxas funcións estén relacionadas cos contidos do curso.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 23 de setembro ao 11 de outubro de 2024

OBXECTIVOS:

- Coñecer os termos básicos relacionados coa materia de ordenación e planificación, os obxectivos que se persegue con esta actuación e as necesidades de planificar os RRHH dentro das distintas administracións.
- Distinguir os distintos instrumentos que poden ter incidencia dentro da ordenación dos recursos humanos nas AAPP como poden ser as relacións de postos de traballo (RPT) e a oferta de emprego público (OEP).
- Recoñecer a normativa reguladora da ordenación dos recursos humanos dentro da Administración pública e as posibles especificidades das AALL.
- Comprender o proceso de planificación de recursos humanos nunha AAPP e as súas fases, as distintas ferramentas que se poden empregar, medidas a por en práctica etc.
- Analizar distintos plans de ordenación e identificar neles a súa finalidade, os seus obxectivos, ferramentas neles empregadas etc.
- Elaborar unha pequena proposta de plan de ordenación dentro dunha AALL, partindo dunha análise inicial, estudando as necesidades e fixando uns obxectivos, co esbozo de medidas a por en práctica e ferramentas de control da súa efectividade.

PROGRAMA:

- Introducción á ordenación da actividade profesional e á Planificación de Recursos Humanos. Definicións. Obxectivos da planificación. A necesidade de planificar. Instrumentos relacionados coa ordenación e planificación dos RRHH.
- Marco legal. A ordenación da actividade profesional e a planificación de recursos humanos nas distintas normas. A planificación dentro das administracións locais.
- O proceso de planificación dos recursos humanos dentro dunha admnisitración. Fases do proceso: Situación inicial, fixación de obxectivos, ferramentas a empregar, medidas a poñer en práctica e control da súa efectividade
- Análise de exemplos de planos de ordenación en distintas administracións públicas. Obxectivos perseguidos en cada caso, ferramentas empregadas
- Introducción ao desenvolvemento e posta en práctica dun plano de ordenación de RRHH nunha AALL. Estudo das necesidades. Análise do cadro de persoal existente e das súas posibilidades. Obxectivos a conseguir co plano de ordenación. Medidas a levar a cabo e limitacións existentes.

Código A. F.: 01.20.01.24

Denominación: CONTROL INTERNO E FISCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE MUNICIPAL. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo cuxas funcións estén relacionadas cos contidos do curso.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 7 ao 28 de outubro de 2024

OBXECTIVOS:

- Determinar o modelo de control interno.
- A fiscalización, con especial referencia ao recoñecemento da obriga de facturas derivadas de contratacións irregulares.
- A reactivación das regras fiscais e a xestión presupostaria

PROGRAMA:

- MÓDULO I Control interno. Determinación do modelo. Análise do RD 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- MÓDULO II Función interventora, fiscalización previa, plena ou limitada. Informes en facturas derivadas de contratacións irregulares.
- MÓDULO III Control Financeiro Permanente, Plan anual de control financeiro. Especial referencia á reactivación das regras fiscais e xestión presupostaria.



Área de Formación
Ensino e
Economía do Coñecemento

ANEXO II
SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN

1. Denominación curso		Código A. F.	
2. Datos persoais			
Nome:	Primeiro Apellido	Segundo Apellido	N.I.F.
3. Datos profesionais			
Posto traballo:	Grupo/Subgrupo	A1 <input type="checkbox"/>	A2 <input type="checkbox"/>
		B <input type="checkbox"/>	C1 <input type="checkbox"/>
		C2 <input type="checkbox"/>	AP <input type="checkbox"/>
		Entidade onde traballa	
Dependencia	Enderezo do posto de traballo	Localidade	Provincia
Indique si padece algunha discapacidade	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>	Teléf. Traballo
		Correo electrónico	
		Teléf. móbil	
INDIQUE AS ADAPTACIÓNS NECESARIAS:			
Clase de persoal	Funcionario <input type="checkbox"/>	Funcionario Interino <input type="checkbox"/>	Persoal Eventual <input type="checkbox"/>
		Laboral Fixo <input type="checkbox"/>	Laboral Temporal <input type="checkbox"/>
FUNCIÓNS QUE DESENVOLVE:			
4. A ter en conta			
Segundo o recollido nas bases xerais da convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes rematará na data indicada nas bases xerais da convocatoria publicadas no BOP. No caso de non cubrirse as prazas, manterase aberto ata completarse. O/A solicitante deberá cumprimentar todos os campos da solicitude. PÓDENSE PEDIR UN TOTAL DE DÚAS (2) ACCIÓNS FORMATIVAS E, ENTENDEDO QUE ESTÁN RELACIONADAS COA SÚA ÁREA DE TRABALLO, PODERASE CONCEDER CALQUERA DELAS, SEN SER DETERMINANTE A ORDE DE PREFERENCIA. DEPENDENDO DO NÚMERO DE SOLICITUDES DE CADA ACCIÓN FORMATIVA E DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN, PODEN CONCEDERSE UN, DOUS OU NINGÚN CURSO. A non comparencia ou abandono dun/dunha participante admitido/a terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido/a nas distintas accións formativas.			
5. Declaración			
DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que aporsto á solicitude que asino.			

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia.

_____ a _____ de _____ de _____
Sinatura

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Área de Formación. Ronda da Muralla, 140, 1º andar. 27004 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 036. e-mail: formacion@deputacionlugo.org

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais; informámoslle que os seus datos se incorporan nun ficheiro automatizado baixo a responsabilidade da DEPUTACIÓN, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con vostede. Así mesmo informámoslle que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento mediante correo electrónico protecciondatos@deputacionlugo.org sede electrónica ou escrito acompañado de copia de documento oficial que lle identifique, á Rúa San Marcos, 8 27001 - Lugo. Temos o seu consentimento para utilizar os seus datos persoais para desenvolver as actividades formativas nas que se inscriba, así mesmo queda constancia da aceptación de todo o exposto anteriormente neste documento e que vostede coñece os seus dereitos e obriga segundo a normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal.

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Información pública

Aprobado por Decreto da Alcaldía, do 2 de agosto de 2024 os seguintes padróns correspondentes ao cuarto trimestre de 2023:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga e taxa de vertedura.
- Padrón da taxa por recollida de lixo

De conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, O Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, e as ordenanzas reguladoras correspondentes, expónse ó público polo prazo de quince días contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo, a efectos de exame e reclamacións. Fixase o período de cobro en voluntaria dende o 6 de setembro de 2024 ata o 6 de novembro de 2024, ámbolos dous inclusive.

A falta de pagamento no período voluntario no tocante a auga, lixo e dereito de acometida, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

E canto ao canon da auga e taxa de vertedura, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Recurso; Contra o acordo de aprobación dos padróns de abastecemento de auga e recollida de lixo poderá interperse recurso de reposición. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns ante o Alcalde.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga e taxa de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria

Alfoz, 6 de agosto de 2024.- Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 2390

ANTAS DE ULLA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2024, acordou a aprobación provisional de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta (30) días hábiles a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

Antas de Ulla, 5 de agosto de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 2391

BARREIROS

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL 2023

Formada, rendida e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, en sesión de 7 de agosto de 2024, a **CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2023** cos estados e anexos establecidos legalmente, exponse ó público polo prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, contados a partir ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o dito prazo e oito días máis, os interesados lexítimos poderán examinala e formular as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Barreiros, 5 de agosto de 2024.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2407

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 2 de agosto de 2024, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 5/2024, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de DOUSCENTOS ONCE MIL OITENTA EUROS (211.080,00 €), cuarto de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 6 agosto de 2024.-O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 2392

LOURENZÁ

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO Padrón fiscal do Servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbans do 2º trimestre de 2024.

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación da taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbans correspondente ao 2º trimestre de 2024.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas oficinas municipais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por R.D. 939/2005, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados os seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso na conta que se lles indique. Para as persoas que teñan domiciliado o pago, o Concello remitirá o correspondente recibo á conta de domiciliación.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago da taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 2 de Agosto de 2024.- A Alcadesa, D^a. Rocío López García.

R. 2393

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 345/2024, de data 5 de agosto de 2024, se prestou aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2024, na modalidade de SAF básico e dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 5 de agosto ao 4 de setembro de 2024.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 5 de agosto de 2024.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2394

PANTÓN

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIRO CORRESPONDIENTE AO TERCEIROBIMESTE DE 2024.

- A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 02.08.2024, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao terceiro bimestre de 2024, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do

17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

- Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

- En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao terceiro bimestre de 2024.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 15.08.2024 ao 15.10.2024, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 16.09.2024
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62
- Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 6 de agosto de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2395

O VICEDO

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 16 de xullo de 2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de maio de 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 16 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2396

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xuño de 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 18 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2397

VILALBA

Anuncio

Elaboración e aprobación dos Orzamentos Municipais 2024

Expediente número: 3879/2024

Aprobación inicial do Orzamento 2024

Aprobado inicialmente polo Pleno deste concello, en sesión ordinaria celebrada o día 1 de agosto do 2024, a modificación das bases de execución do orzamento xeral para o exercicio 2024na súa base número 24 relativa esta ás normas especiais relativas ás subvencións nominativas, engadindo un punto tres bis que conteña unha relación nominal de subvencións, cos beneficiarios, obxecto e importe relacionados no anexo que acompaña ao acordo, conforme ao previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación integrante do mesmo polo prazo de quince (15) días desde a publicación deste anuncio no Boletín Oficial Provincial da Provincia Lugo, para os que teñan a condición de interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións.

Durante o devandito prazo poderá na sede electrónica da Corporación, para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non presentan reclamacións.

Vilalba, 7 de agosto de 2024.- A Alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 2408

Anuncio

Transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto

Expediente número: 3666/2024

Transferencia de crédito: 15/2024 - **Modificación de crédito:** 38/2024

Aprobación inicial da modificación de crédito orzamentario mediante unha transferencia de crédito.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia o acordo do Pleno deste Concello de Vilalba en sesión ordinaria celebrada o día 1 de agosto do 2024, polo que se aproba inicialmente una transferencia de crédito entre partidas de diferente área de gasto co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
2310	63200	Administración xeral de servizos sociais. Inversión de reposición asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Edificios e outras construcións. Creación P.A.I.	31.911,49 €

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
161	72109	Abastecemento domiciliario de auga potable. Transferencias de capital á Administración do Estado: a outros organismos autónomos	31.911,49 €

Vilalba, 7 de agosto do 2024.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 2414
